

## Medos Romero: «Este tempo de pandemia tería que facernos pensar máis nas nosas vidas»

[Ramón Loureiro](#) Ferrol / La Voz

23 de novembro de 2020

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2020/11/23/tempo-pandemia-teria-facernos-pensar-mais-nas-nosas-vidas/0003\\_202011F23C8993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2020/11/23/tempo-pandemia-teria-facernos-pensar-mais-nas-nosas-vidas/0003_202011F23C8993.htm)

Medos Romero (Somedo, As Pontes, 1959), enfermeira de profesión e unha das grandes voces da literatura galega contemporánea, saca á luz estes días, da man da editorial Medulia, *Hortensia*. Un poemario que é, esencialmente, unha reivindicación da memoria de súa nai. «Este libro é, por riba de calquera outra cousa -di Medos-, un canto de amor inmenso. Unha homenaxe ás mulleres da Terra».

### -¿Como naceron estes poemas?

-Pois precisamente cando eu perdo a miña nai. Entón e cando decido escribir este poemario. Un poemario que é un libro de amor e de dor, ao mesmo tempo.

### -E un libro, tamén, no que están de novo moitos dos temas centrais da súa poesía. Entre eles, o mundo rural como raíz de vida...

-Si, claro, pero tamén teño que dicir que aquí non hai un canto á realidade rural vista como algo bucólico e idealizado, senón unha mirada moi distinta. Eu falo da Terra no sentido máis alto do termo. E falo do que a Terra foi e segue sendo para min. Eu sei de onde veño. Por iso sinto unha dor tan fonda cando vexo queimar os montes, ou cando vexo abandonar as aldeas. Unha aldea abandonada é un drama, é a morte dun mundo que estamos deixando perder. Este tempo de pandemia tería que facernos pensar máis nas nosas vidas.

### -¿En que aspectos das nosas vidas deberíamos pensar máis do que o facemos?

-Nos que atinxen ao feito mesmo de existir. Non podemos continuar así, estamos destrozando a natureza. Parecemos esquecer que a natureza é a que nos alimenta. Temos que cambiar de rumbo. Somos unha especie animal que destrúe o ecosistema.

### -A súa infancia en Somedo foi un tempo dunha relación coa natureza moi diferente....

-¡Por suposto! E repito que non estou idealizando o mundo rural, senón reivindicando a súa verdadeira esencia. Neste poemario eu falo dese mundo, falo das mulleres dese mundo e falo, esencialmente, de miña nai, subliñando que as raíces nos dignifican, e que todos precisamos un lugar ao que poder retornar. O amor e o respecto ao medio natural fannos máis humanos.

**-¿Que sente, despois de ter rematado o libro?**

-Pois sinto que é un libro que me habita. Un libro no que está a muller que mo deu todo: unha muller traballadora, firme, sacrificada, tenra, chea de dozura...

**-¿Houbo un mundo mellor que este mundo?**

-Por suposto que si. Houbo un mundo infinitamente mellor. Un mundo que, a poucos anos que pasen, acabará desaparecendo para sempre, e iso será un drama irreparable. A min sorpréndeme que a xente non se decate de que a natureza nos está dicindo que non podemos seguir así. ¿E sabes que me entristece moito, tamén?

**-Dígame.**

-Que cando habitabamos aquel mundo eramos felices... pero non o sabiamos. Sabémolo agora. Mais, a pesar de todo, non somos capaces de tomar conciencia de que imos cara ao abismo.